



**IES Plurilingüe  
Castro da Uz**

Proxecto Lingüístico



Actualizado no curso 2021-2022 e aprobado polo Consello Escolar o 16 de febreiro de 2022

## ÍNDICE

### **0. Introducción.**

### **1. Estudo sociolingüístico**

- 1.1.- Contexto sociolingüístico do centro.
- 1.2.- Situación sociolingüística do profesorado.
- 1.3.- Situación sociolingüística do alumnado.
- 1.4.- Situación lingüística do centro.
- 1.5. - Situación lingüística na vila das Pontes.

### **2. Decisión respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.**

### **3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.**

### **4. Procedementos que aseguren que o alumnado de ensinanzas de persoas adultas e formación profesional acaden a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.**

### **5. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.**

- 5.1. Obxectivos xerais e específicos
- 5.2. Liñas de actuación

### **6. Currículo Integrado das Linguas.**

- 6.1. Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.
- 6.2. Acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar
- 6.3. Tratamento dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe



## 0. Introducción.

O IES Plurilingüe Castro da Uz atópase nas Pontes de García Rodríguez, nun dos maiores municipios de Galicia, que administrativamente pertence á provincia da Coruña, enmarcándose dentro da bisbarra do Eume. Ocupa a parte das cabeceiras dos ríos Mera e Sor e parte do val superior do Eume. Limita ao Norte con Ortigueira e Mañón, ao Sur cos concellos de Monfero e Xermade, e ao Oeste coa Capela, As Somozas e San Sadurniño, e con Muras ao leste.

Aínda que nas últimas décadas as Pontes se asociou coa industria, este concello conta cunha grande riqueza natural, e está enclavado nunha boa parte do parque natural das Fragas do Eume, polo que a paisaxe, vexetación e fauna propios do val no que se asenta se combinan co bosque atlántico, ao que hai que sumar a zona de montaña, que ten, como maior altitude, o Monte Caxado, con 756 metros de altitude.

A poboación do municipio chega aos 11.850 habitantes, asentada principalmente no núcleo urbano –centro económico, administrativo e comercial, onde suma 10.534 persoas censadas. Son trece as parroquias que o forman: O Aparral, Bermui, O Deveso, Espiñaredo, Eume, A Faeira, O Freixo, Goente, Santa María de As Pontes, Somede, Ribadeume, Seoane e A Vilavella.

Aproximadamente o 82% da poboación vive na vila das Pontes, sendo o único núcleo concentrado e urbano e, polo tanto, centro económico, administrativo e comercial.

A economía das Pontes de García Rodríguez depende principalmente da industria, onde destaca o sector de xeración eléctrica, aínda que tamén dispón de núcleos de poboación dedicados á agricultura e á gandería.

A súa principal industria é a central térmica e a mina de carbón que abastecía a esta de Endesa, actualmente lago artificial. A central térmica das Pontes de García Rodríguez é a máis grande de España, e a súa cheminea, Endesa Termic, con 357 metros de altura, é unha das construcións máis altas do país, só superada pola Torreta de Guardamar con 370 metros. Ten unha potencia de 1.400 megavatios, inusualmente elevada neste tipo de centrais. No ano 2007 sufriu importantes remodelacións, que conseguiron reducir substancialmente as emisións de CO<sub>2</sub>. Esta central térmica abasteciase primeiro da explotación mineira a ceo aberto de lignito que había nas cercanías, e máis tarde, debido á modificación da central coa intención de reducir as emisións de CO<sub>2</sub> e, para cumprir co Protocolo de Kyoto, que España asinou, comezouse a abastecer da importación de carbon de mellor calidade e menos contaminante, que procedía de distintas partes do mundo e que era transportado por mar ata o porto de Ferrol e A Coruña para despois ser transportadas en camións ata a central. O xacemento local foi progresivamente pechando, mais ó mesmo tempo recuperando o espazo enchéndoo con auga, para dar lugar ó lago artificial das Pontes.

Construíuse outra central nova que usa gas natural para producir electricidade (central térmica de ciclo combinado de 860 megavatios, constituída por dúas

turbinas de gas e unha de vapor, cada unha co seu propio xerador eléctrico independente, o que aporta gran flexibilidade operativa. Trátase de equipos fabricados por General Electric que son os máis modernos do mercado no súa clase.). A alimentación da nova central das Pontes de García Rodríguez procede dunha regasificadora Reganosa, situada na ría de Ferrol, á que se une por un gasoducto de uns 30 quilómetros. Endesa ten contratada nesta terminal unha capacidade anual de 0,8 bcm, é dicir, 800 millóns de metros cúbicos de gas natural. A planta é propiedade de Reganosa, compañía liderada por Endesa, e á que a nova central de ciclo combinado dá viabilidade.

Ademais o municipio conta con numerosos parques eólicos, contribuíndo definitivamente á importancia que ten Galicia en España nesta tecnoloxía, e na dos encoros. É un dos lugares con maior produción de enerxía a nivel mundial, sendo a localidade que máis enerxía produce de toda España.

O municipio conta con tres parques industriais onde se asentan outras moitas empresas, con actividades tan diversas como Einsa (edicións informáticas e impresión), Galparket (parquet flotante), Arteixo Telecom (equipos electrónicos), Acebron Group (Grandes Mecanizados), Pomesa (Estruturas Metálicas), Prometal (Estruturas metálicas), Evasa (Paneis solares), Delagro (Agricultura).

Nas Pontes de García Rodríguez existe tamén unha mínima actividade láctea, liderada pola empresa "Queixarías do Eume"

É, porén, moi importante a súa riqueza forestal en canto á produción madeireira, chegando a estudar a posibilidade de aproveitar a súa biomasa con fins enerxéticos.

## 1.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

### 1.1.- Contexto sociolingüístico do centro

1. Lingua habitual dos fogares do concello.  
Predomina o galego.....4
2. Lingua habitual nas interaccións comunitarias.  
Castelán e galego por igual.....3
3. Lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados.  
Predomina o galego.....4
4. Lingua empregada polas entidades asociativas do contorno.  
Predomina o galego.....4

ÍNDICE 1:  $I1 = 4 \cdot 0,2 + 3 \cdot 0,4 + 4 \cdot 0,3 + 4 \cdot 0,1 = 3,6$

Á vista dos resultados podemos concluír que no contexto sociolingüístico do centro predomina o galego.

### 1.2.- Situación sociolingüística do profesorado

5. Lingua habitual do profesorado.  
Castelán e galego por igual.....3
6. Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente.  
Moi alta.....5
7. Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo.  
Favorable.....4
8. Actitude do profesorado cara á normalización social do galego.  
Favorable.....4

ÍNDICE 2BIS:  $I_2 = 3 \cdot 0,4 + 5 \cdot 0,2 + 4 \cdot 0,2 + 4 \cdot 0,2 = 3,8$

Observando os resultados podemos dicir que a dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é boa.

### 1.3.- Situación sociolingüística do alumnado

9. Lingua habitual do alumnado.  
Predomina o castelán.....2
10. Lingua habitual na casa do/a alumno/a.  
Predomina o galego.....4
11. Lingua usada polo alumnado no centro educativo.  
Predomina o castelán.....2
12. Competencia comunicativa en galego que traen da etapa anterior.  
Aceptable.....3
13. Actitude do alumnado cara á utilización do galego no ámbito educativo.  
Favorable.....4
14. Actitude do alumnado cara á normalización social do galego.  
Favorable.....4

ÍNDICE 3:  $I_3 = 2 \cdot 0,3 + 4 \cdot 0,1 + 2 \cdot 0,1 + 3 \cdot 0,2 + 4 \cdot 0,15 + 4 \cdot 0,15 = 3$

Podemos concluír segundo os resultados que a presenza do galego na vida do alumnado é moderada.

### 1.4.- A situación lingüística do centro

15. Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros etc.  
Ampla.....4
16. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.  
Amplo.....4
17. Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais.  
Escaso.....2
18. Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro.

	Amplo.....	4
19.	Emprego da lingua galega por parte da ANPA. Amplo.....	4
20.	Emprego da lingua galega na realización das actividades extra escolares. Amplo.....	4
21.	Dotación de fondos en galego na biblioteca. Boa.....	4
22.	Presenza da lingua galega na utilización das TIC. Aceptable.....	3
23.	Visibilidade das accións do EDLG. Ampla.....	4

ÍNDICE 4:  $I4 = 4 \cdot 0,15 + 4 \cdot 0,15 + 2 \cdot 0,1 + 4 \cdot 0,1 + 4 \cdot 0,1 + 4 \cdot 0,1 + 4 \cdot 0,1 + 3 \cdot 0,1 + 4 \cdot 0,1$   
 $= 3,7$

A presenza ambiental do galego no centro é boa.

Índice global:  $IG = 3,6 \cdot 0,1 + 3,8 \cdot 0,4 + 3 \cdot 0,3 + 3,7 \cdot 0,2 = 3,52$

Como conclusión, dicir que segundo a  $IG = 3,52 > 3$  podemos afirmar que na contorna do noso centro predomina o galego. Se ben é certo que, dado o valor que obtivemos para o índice global, non debemos menosprezar que o castelán é a lingua imperante nas interaccións informais entre profesorado-alumnado e alumnado-alumnado. Sería, polo tanto, nestes ámbitos nos que habería que dinamizar dende todos os departamentos o emprego da nosa lingua galega.

### 1.5. - A situación lingüística na vila das Pontes.

Cando se reflexiona sobre a situación do galego nas Pontes pódese chegar a distintas conclusións, pero ningunha delas está baseada en datos obxectivos. Por isto, para atopar a verdadeira resposta a esta pregunta, decidimos realizar un traballo de campo coa axuda do alumnado de 1º BAC no curso 2014-2015. Despois dun duro traballo, de longas tardes percorrendo a nosa vila preguntando a distintos cidadáns de distinto sexo, idade e situación laboral, conseguimos chegar a unha conclusión final.

Velaquí a enquisa que levamos a cabo durante este proxecto.

1-Falas galego sempre?

Si

Non

2-Se resposta non, preguntamos en que ámbitos.

A) Familia e amigos

B) Traballo

C) Institucións

D) Outras

3-Por que non falas galego en todos os ámbitos?

- A)Prexuizos
  - B)Vergoña
  - C)Descoñecemento
  - D)Comodidade
  - E)Outras
- 4-Cres que nas Pontes hai máis galego falantes ca castelán falantes?
- Si
  - Non
- 5-En caso de resposta negativa, por que motivo?
- A)Por pertencer á Coruña
  - B)Polo pasado industrial da vila
  - C)Outras
- 6-Cres que o galego desaparecerá en 25 anos?
- Si
  - Non
- 7-Se desaparecese, farías algo para evitar esa situación?
- Si
  - Non
- 8-En caso de resposta afirmativa, que farías para axudar a que non desapareza?
- A) Transmisión da lingua á descendencia
  - B) Manifestacións
  - C) Outras
- 9-Consideras que o galego é unha lingua en pé de igualdade ao castelán?
- Si
  - Non
- 10-Por que?
- A) O castelán está máis normalizado
  - B) Porque é a nosa lingua oficial
  - C) Outras
- 11-Que opinas da presenza da lingua galega no ensino?
- A)Opinas que todas as materias deberían impartirse en galego
  - B)Opinas que só debería impartirse en galego a materia de "Lingua e literatura galega"
  - C)Opinas que debería ser optativa

E os resultados obtidos foron:

PREGUNTAS:	MULLERES		HOMES	
	CON ESTUDOS	SEN ESTUDOS	CON ESTUDOS	SEN ESTUDOS
	26	9	20	8
1	SI:7 NON:19	SI:2 NON:7	SI:10 NON:10	SI:5 NON:3
2	A:15 B:6 C:5 D:0	A:5 B:4 C:0 D:0	A:8 B:7 C:2 D:3	A:3 B:5 C:0 D:0
3	A:3 B:5 C:0 D:13 E:5	A:0 B:4 C:0 D:5 E:0	A:2 B:4 C:6 D:8 E:0	A:0 B:1 C:0 D:7 E:0
4	SI:11 NON:15	SI:3 NON:6	SI:6 NON:14	SI:4 NON:4
5	A:13 B:8 C:5	A:5 B:4 C:0	A:10 B:4 C:6	A:5 B:3 C:0
6	SI:16 NON:10	SI:7 NON:2	SI:7 NON:13	SI:6 NON:2
7	SI:23 NON:3	SI:7 NON:2	SI:19 NON:1	SI:4 NON:4
8	A:20 B:6 C:0	A:7 B:2 C:0	A:15 B:5 C:0	A:7 B:0 C:1
9	SI:9 NON:17	SI:5 NON:4	SI:2 NON:18	SI:3 NON:5
10	A:15 B:7 C:4	A:4 B:5 C:0	A:15 B:2 C:3	A:4 B:3 C:1
11	A:15 B:5 C:6	A:5 B:2 C:2	A:13 B:3 C:2	A:4 B:2 C:2





## 2. Decisión respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

1.º ESO	Clave	Horas	Galego	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	BIO	4	Galego	
Xeografía e Historia	XH	3	Galego	
Matemáticas	MAT	5		Castelán
Lingua galega e literatura	LGL	4	Galego	
Lingua castelá e literatura	LCL	4		Castelán
Inglés	ING	3	Inglés	
Francés	FRA	2	Francés	
Educación física	EF	2		2
Educación plástica, visual e audiovisual	EPV	2	2	
Relixión / Valores Éticos	REL/VE	1	1	
Materias de Libre configuración	MLC	1	Inglés	

2.º ESO	Clave	Horas	Galego	Castelán
Física e Química	FQ	3		Castelán
Matemáticas	MAT	5		Castelán
Tecnoloxía	TEC	3		Castelán
Xeografía e historia	CS	3	Galego	
Lingua galega e literatura	LGL	3	Galego	
Lingua castelá e literatura	LCL	3		Castelán
Francés	FRA	2	Francés	
Inglés	ING	3	Inglés	
Educación física	EF	2		2
Música	MUS	2	2	
Relixión / Valores Éticos	REL/VE	1	1	
Materias de Libre configuración	MLC	1	Inglés	



<b>3.º ESO</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Bioloxía e Xeoloxía	BX	2	Galego	
Xeografía e Historia	XH	3	Galego	
Física e Química	FQ	2		Castelán
Matemáticas aplicadas / Matemáticas académicas	MAT	4		Castelán
Tecnoloxía	TEC	2		Castelán
Lingua castelá e literatura	LCL	3		Castelán
Lingua galega e literatura	LGL	3	Galego	
Francés	FRA	2	Francés	
Inglés	ING	3	Inglés	
Educación física	EF	2		<b>2</b>
Música	MUS	2	<b>2</b>	
Relixión / Valores sociais e cívicos	RE/VE	1	<b>1</b>	
Cultura Clásica	CUCA	2	<b>2</b>	
Educación plástica, visual e audiovisual	EPV	2	Inglés	

<b>4.º ESO</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Bioloxía e xeoloxía	BX	3	Galego	
Xeografía e historia	XH	3	Galego	
Física e química	FQ	3		Castelán
Matemáticas orientadas as e. académicas Matemáticas orientadas as e. Aplicadas	MAT	4		Castelán
Tecnoloxía	TEC	3		Castelán
Lingua galega e literatura	LGL	3	Galego	
Lingua castelá e literatura	LCL	3		Castelán
Inglés	ING	3	Inglés	
Francés	FRA	3	Francés	
Latín	Lat	3		<b>3</b>
Educación física	EF	2		<b>2</b>
Economía	ECO	3	<b>3</b>	
Relixión / Valores Éticos	REL/VE	1	<b>1</b>	
Cultura Científica	CuCi	3	<b>3</b>	
Cultura Clásica	CuCa	3	<b>3</b>	
Filosofía	FIL	3	<b>3</b>	
Música	MUS	3	<b>3</b>	
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional		3		<b>3</b>
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empr.		3		<b>3</b>



Educación Plástica, Visual e Audiovisual	EPV	3	<b>Inglés</b>
Tecnoloxías da Informac. e a Comunicación	TIC	3	<b>Inglés</b>

### **3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.**

Este apartado ten que ver coas medidas de carácter organizativo e curricular que o centro adopta nos casos de alumnado que presenta un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

Cando o alumnado chega novo ao centro, partimos da información que se nos proporciona do centro do que provén o propio alumno; a partir dese momento é posible xa facer unha organización das medidas precisas en caso de necesidade.

Un elemento importante na detección de necesidades é o/a titor/a, que a partir da avaliación inicial identificará as necesidades existentes e, xunto con Xefatura de Estudos, aplicará as medidas oportunas.

De ser necesario o Departamento de Orientación levaría a cabo a pertinente avaliación psicopedagóxica para, a partir da detección e valoración inicial das necesidades, empezar a organizar os apoios, desdobres, ACIS, etc. contando co apoio en aula por parte do profesorado. Algunhas das medidas a seguir serían:

- Se se considera suficiente, os departamentos de linguas elaborarán un plan de estudo para o alumnado que o precise.
- En 1º e 2º de ESO, se se considera necesario, asignaríaselles reforzo con atribución horaria.
- Se a dispoñibilidade do Departamento de Orientación o permite, recibirían apoio fóra da aula por persoal especializado.
- Se nese momento o centro dispón de profesorado que poida impartir as linguas con horario dispoñible, organizarase o reforzo.

## 4. Procedementos que aseguren que o alumnado de ensinanzas de persoas adultas e formación profesional acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

Antes de rematar o mes de outubro o profesorado de ensinanzas para persoas adultas que detecte a presenza de alumnado que non acade a competencia lingüística propia do nivel comunicarao á persoa titora do grupo ou á Xefatura de Estudos.

- Se se considera suficiente, os departamentos de linguas elaborarán un plan de estudo para o alumnado que o precise.
- Se se considera necesario, asignaríaselles reforzo con atribución horaria, se é posible.

<b>Módulos 1 e 2 ESA</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ámbito científico-tecnolóxico	CTEC	8		<b>8</b>
Inglés	ING	2	Inglés	Inglés
Lingua castelá e literatura	LCL	3	Castelán	Castelán
Lingua galega e literatura	LGL	3	Galego	Galego
Ámbito social	SOC	3	<b>3</b>	

<b>Módulos 3 e 4 ESA</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ámbito científico-tecnolóxico	CTEC	8		<b>8</b>
Inglés	ING	2	Inglés	Inglés
Lingua castelá e literatura	LCL	2	Castelán	Castelán
Lingua galega e literatura	LGL	2	Galego	Galego
Ámbito social	SOC	4	<b>4</b>	



<b>1.º CM Electromecánica de vehículos automóbiles</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Circuitos de fluidos, suspensión e dirección	CFL	8	<b>8</b>	
Formación e orientación laboral	FOL	4	<b>4</b>	
Mecanizado básico	MEB	4		<b>4</b>
Motores	MOT	5		<b>5</b>
Sistemas de carga e arranque	SCA	8		<b>8</b>
Sistemas de transmisión e freada	STF	7	<b>7</b>	

<b>2.º CM Electromecánica de vehículos automóbiles</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo	CEA	10		<b>10</b>
Empresa e iniciativa emprendedora	EIE	3	<b>3</b>	
Sistemas auxiliares do motor	SAM	14	<b>14</b>	
Sistemas de seguridade e confortabilidade	SSC	9		<b>9</b>

<b>1.º CM Sistemas microinformáticos e redes</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Aplicacións ofimáticas	AOF	9		<b>9</b>
Formación e orientación laboral	FOL	4	<b>4</b>	
Montaxe e mantemento de equipos	MME	9	<b>9</b>	
Redes locais	RLO	8		<b>8</b>
Sistemas operativos monoposto	SOM	6	<b>6</b>	

<b>2.º CM Sistemas microinformáticos e redes</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Aplicacións web	AWE	7		<b>7</b>
Empresa e iniciativa emprendedora	EIE	3	<b>3</b>	
Seguridade informática	SIN	8		<b>8</b>
Servizos en rede	SER	9	<b>9</b>	
Sistemas operativos en rede	SOR	9	<b>9</b>	

<b>1.º CS Administración e finanzas</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Inglés	ING	6	<b>Inglés</b>	
Xestión da documentación xurídica e empresarial	XDOC	3		<b>3</b>
Recursos humanos e responsabilidade social corporativa	RHU	3		<b>3</b>
Ofimática e proceso da información	OFI	9	<b>9</b>	
Proceso integral da actividade comercial	PIAC	5		<b>5</b>
Comunicación e atención á clientela	CCLI	6		<b>6</b>
Formación e orientación laboral	FOL	4	<b>4</b>	



<b>2.º CS Administración e finanzas</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Xestión de recursos humanos	XRHU	6	<b>6</b>	
Xestión financeira	XFI	7		<b>7</b>
Contabilidade e fiscalidade	CYF	9		<b>9</b>
Xestión loxística e comercial	XLO	6	<b>6</b>	
Simulación empresarial	SIME	8	<b>8</b>	

<b>1.º CS Mantemento Electrónico</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Circuitos electrónicos analóxicos	CEA	9	<b>9</b>	
Equipamentos microprogramables	EMI	10	<b>10</b>	
Mantemento de equipamentos de electrónica industrial	MEE	6		<b>6</b>
Técnicas e procesos de montaxe e mantemento de equipamento electrónicos	TPM	7		<b>7</b>
Formación e orientación laboral	FOL	4		<b>4</b>

<b>2.º CS Mantemento Electrónico</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións	MER	8		<b>8</b>
Mantemento de equipamentos de voz e datos	MED	8	<b>8</b>	
Mantemento de equipamentos de audio	MEA	6	<b>6</b>	
Mantemento de equipamentos de vídeo	MEV	7		<b>7</b>
Infraestruturas e desenvolvemento do mantemento electrónico	IDM	4		<b>4</b>
Empresa e iniciativa emprendedora	EIE	3	<b>3</b>	

<b>1.º CM Soldadura e Caldeiraría</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Interpretación gráfica	IG	5		<b>5</b>
Mecanizado	MEC	6	<b>6</b>	
Soldadura en atmosfera natural	SAN	13	<b>13</b>	
Trazado, corte e conformación	TRA	8		<b>8</b>
Formación e orientación laboral	FOL	4		<b>4</b>



<b>2.º CM Soldadura e Caldeiraría</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Metroloxía e ensaios	MTE	7		<b>7</b>
Montaxe	MTX	11	<b>11</b>	
Soldadura en atmosfera protexida	MEA	15		<b>15</b>
Empresa e iniciativa emprendedora	EIE	3	<b>3</b>	

<b>1.º FPB Informática Oficina</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ciencias aplicadas I.	CIAP	6		<b>6</b>
Comunicación e sociedade I	COSO	7	<b>7*</b>	
Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.	MMSC	10		<b>10</b>
Ofimática e arquivamento de documentos.	OAD	8	<b>8</b>	

<b>2.º FPB Informática Oficina</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ciencias aplicadas II	CIAP	7		<b>7</b>
Comunicación e sociedade II	COSO	6	<b>6*</b>	
Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	IMR	9		<b>9</b>
Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	OACE	9	<b>9</b>	

<b>1.º FPB Matemento de Vehículos</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ciencias aplicadas I.	CIAP	6		<b>6</b>
Comunicación e sociedade I	COSO	7	<b>7*</b>	
Amovibles	AMO	7	<b>7</b>	
Mecanizado e soldadura	MES	6	<b>6</b>	
Preparación de superficies	PDS	5		<b>5</b>

<b>2.º FPB Matemento de Vehículos</b>	<b>Clave</b>	<b>Horas</b>	<b>Galego</b>	<b>Castelán</b>
Ciencias aplicadas II	CIAP	7		<b>7</b>
Comunicación e sociedade II	COSO	6	<b>6*</b>	
Electricidade do vehículo	EDV	7		<b>7</b>
Mecánica do vehículo	MDV	11	<b>11</b>	

- Os módulos de Comunicación e Sociedade I e II impártense: Inglés (en lingua inglesa), LCL en Castelán e o resto en Galego.

## **5. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.**

### **5.1. Obxectivos xerais**

Coa finalidade prioritaria de promover a dinamización da lingua galega no centro e favorecer que a competencia lingüística do alumnado, ao final da súa escolarización, sexa equivalente nas dúas linguas oficiais, poñemos o máximo empeño en acadar os seguintes obxectivos:

- Ter sempre en conta o cumprimento da normativa legal vixente.
- Axudar nas tarefas normalizadoras do centro dende todos os puntos de vista.
- Tentar superar os prexuízos existentes cara á lingua galega, tanto no coñecemento coma no uso.
- Fomentar a lingua galega na súa vertente oral.
- Comprender a comunicación como un proceso básico da vida social e apreciar as dúas linguas de Galicia, entendendo as circunstancias que inflúen no seu uso e na súa evolución.
- Valorar o patrimonio histórico, cultural, artístico e lingüístico da humanidade en xeral e de Galicia en particular, como ben común que debemos respectar e transmitir ás xeracións futuras.

O obxectivo principal, que move os compoñentes do EDLG deste centro, é fomentar o uso da lingua galega entre toda a comunidade educativa, co fin de que os falantes do galego coñezan todas as posibilidades desta lingua e, sobre todo, incorporar novos falantes e chegar ata onde, polo de agora, non puidemos.

Ó mesmo tempo, o obxectivo será unir a toda a comunidade educativa para que colabore nas actividades deseñadas e seguir afondando nas relacións xeracionais. Achegarlles o pasado, a tradición, a paisaxe, a herdanza... aos máis novos, aos alumnos e alumnas para que sexan conscientes de que son herdeiros desta cultura e teñen que ser o eixo para transmitila. Deben ser quen de saber vivir a modernidade sen perder o que nos diferencia

### **Obxectivos específicos**

#### **- Obxectivos para dinamizar a contorna sociolingüística do centro**

- Seguir colaborando nas actividades desenvolvidas polo concello e outras institucións ( biblioteca pública municipal das Pontes), concellaría de cultura...
- Achegar as nosas actividades a outros centros e outras entidades da vila (centro da terceira idade, radio local das Pontes...)
- Intercambiar experiencias con outros equipos de dinamización.
- Informar das nosas actividades a través do correo electrónico, documentos e carteis nas aulas ou nos lugares máis visibles do centro .
- Implicar nas actividades programadas por este equipo o maior número posible de persoas e pertencentes a distintos colectivos da comunidade educativa.





### **- Obxectivos para dinamizar o profesorado**

- Animar o profesorado a empregar a lingua galega como vehículo de comunicación en todos os ámbitos, áreas e, sobre todo, co alumnado.
- Facilitar material na nosa lingua para que non haxa baleiros en ningunha disciplina.
- Mudar, se houber, prexuízos negativos e actitudes lingüísticas negativas cara á nosa lingua.
- Promover a elaboración de materiais didácticos na nosa lingua en todas as materias.
- Implicar o maior número de docentes nas actividades promovidas polo EDLG.

### **- Obxectivos para dinamizar o alumnado**

- Achegar o alumnado á súa lingua dende o coñecemento e sentimento.
- Formar alumnos e alumnas con competencia activa na lingua escrita e oral.
- Amosar que o galego está presente no seu mundo. A modernidade tamén se escribe, le, escoita, ve, " navega"... na súa lingua e eles e elas son os que deben continuar a transmisión.
- Fomentar a oralidade facéndoos locutores da súa radio escolar, Radio Ras.
- Fomentar a escrita facéndoos autores e autoras das súas propias obras e participando nos variados certames promovidos. Este ano escribirán, Abrazámonos a...
- Utilizar con responsabilidade os avances tecnolóxicos.
- Cambiar as actitudes lingüísticas negativas – prexuízos lingüísticos- dende o coñecemento da historia.
- Animalos a empregar a súa lingua en todos os ámbitos e en todas as situacións.
- Achegalos a través da súa lingua a valores como a solidariedade, o respecto aos mais, á natureza...
- Valorar o traballo realizado con anterioridade e motivalos a continualo.

### **- Obxectivos para dinamizar a situación lingüística do centro**

- Potenciar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro, facéndoo visible en todos os espazos.
- Axudar a mellorar as competencias lingüísticas activas e pasivas entre os compoñentes do equipo directivo, profesorado, alumnado, pais e nais, persoal non docente, proporcionándolles asesoramento en todo momento.
- Implicar distintas xeracións ( avós/ avoas; pais/ nais; profesorado, irmáns/ irmás...) nas actividades programadas.
- Valorar a tradición, a cultura, a historia da nosa lingua achegando a comunidade educativa a representacións teatrais, musicais, proxeccións e outras manifestacións culturais.
- Implicar toda a comunidade educativa na contribución á dinamización lingüística.
- Concienciar o alumnado da utilidade do coñecemento da súa lingua e do enriquecemento que produce o seu uso.
- Valorar a pluralidade lingüística.



- Potenciar que todas as actividades extraescolares realizadas, tanto por entidades públicas como privadas, empreguen como lingua vehicular o galego.
- Dixitalizar a revista elaborada polo EDLG incluíndoa como entrada destacable na páxina web do Instituto.
- Implicar e potenciar o uso do galego na páxina do centro para que os docentes elaboren o material en galego.

## 5.2. Liñas de actuación

As liñas de actuación para o fomento da lingua galega están recollidas basicamente no *Proxecto de fomento de uso do galego* elaborado polo EDLG do centro que abrangue case todas as materias, persoal non docente e alumnado.

Así mesmo, o labor desenvolvido a través de titorías e de actividades complementarias e extraescolares dos diferentes departamentos suman na consecución dos logros no fomento da nosa lingua.

### Nivel xeral

- Asumirase a Lei de Normalización Lingüística e a normativa legal vixente.
- O EDLG participará na estrutura da organización escolar elaborando propostas normalizadoras que afecten ao conxunto do centro, no que contará coa axuda dos demais membros da comunidade educativa.
- Todos os estamentos atenderán nas súas actuacións á potenciación da lingua galega.
- Tentarase eliminar comportamentos diglósicos.

### Administración e Servizos

Nas relacións administrativas de carácter oficial, tanto internas como externas, ben sexan dirixidas a particulares ou a colectivos e independentemente de que o seu carácter sexa oral ou escrito, empregarase o galego.

### Profesorado

- O profesorado velará polo cumprimento da lexislación.
- Nas actividades de acción titorial empregarase a lingua galega, ao igual que na realización de actividades extra escolares e complementarias, dirixidas a toda a comunidade escolar.
- A documentación oficial, libros de actas, programacións didácticas,..., será redactada en lingua galega.
- Atendendo ao dereito que asiste ao alumnado a realizar as probas de avaliación na lingua que prefira (agás naquelas de linguas específicas nas que as probas se fan na lingua en cuestión), potenciarase por parte de todo o colectivo docente que a realización das probas de avaliación ou de calquera outro tipo sexa en galego. Enténdese sempre que esta liña de actuación afectará a todas as materias, ademais das impartidas en galego por lei, nas que xa se dá por suposta esta práctica.



- Informarase sobre actividades de formación que o capaciten para poder instalarse na nosa lingua e favorecer un aumento de membros da comunidade escolar que decidan empregala nas súas aulas.
- Animarase o profesorado non galegofalante a facer uso progresivo da nosa lingua.
- Facilitarase todo tipo de material, dentro das posibilidades, para o uso nas aulas da lingua galega.
- Tentarase desde este colectivo impulsar, colaborar, invitar e fomentar distintas actividades para os alumnos e as alumnas.
- Deseñaranse e elaboraranse estratexias para que o alumnado que poida presentar algunha dificultade no emprego da nosa lingua se sinta totalmente integrado e decidido a empregala.
- Nas materias que se impartan en galego e os materiais utilizados estean tamén nesta lingua, procurarase que o alumnado, así como o profesorado, manteña o uso desta lingua nas súas manifestacións orais e escritas.
- Procurarase que se dea unha correspondencia lingüística, tanto oralmente como por escrito, coas persoas que se manifesten en lingua galega: alumnado, profesorado e persoal non docente.

#### Alumnado e familias

- Intentarase lograr que os alumnos e alumnas sexan protagonistas de todas as actividades propostas polo EDLG co gallo de estimularlos en contra da actitude desprezativa cara á lingua galega.
- Favorecerase e animarase o alumnado que decida establecerse na nosa lingua e vaia mostrando un claro avance no seu uso.
- Procurarase que se dea unha correspondencia lingüística, tanto oralmente como por escrito, coas persoas que se manifesten en lingua galega: alumnado, profesorado e persoal non docente.
- Realizarase un intercambio de cartas en galego entre alumnado do noso centro e alumnado de algún centro de fóra de Galicia que estude o galego.
- Realizaranse intercambios socioculturais con outros centros, tanto de alumnado coma de material e experiencias.
- Poñerase o alumnado en contacto coas raíces culturais de Galicia:
  - Divulgando a celebración de diferentes actos que supoñan unha clara inmersión na nosa realidade social, histórica, literaria,... co fin de que os membros da comunidade escolar asistan a eles, e posteriormente se poida comentar o seu contido nas aulas.
  - Programando charlas, conferencias ou coloquios sobre a nosa realidade, por parte de diversas entidades culturais.
  - Aproveitando a contorna máis próxima para dar a coñecer ao alumnado feitos históricos, xeográficos, etnográficos, económicos, artísticos,... da nosa realidade.
  - Favorecendo a investigación por parte do alumnado nos distintos eidos da nosa cultura, despertando a súa curiosidade por coñecer máis sobre o seu propio pobo.
  - Suxerindo lecturas voluntarias sobre temas da nosa realidade cultural.



- Interesando o alumnado pola riqueza de variedades nalgúns aspectos da nosa cultura: xeografía, etnografía, dialectoloxía,...
- Aconsellando sobre o material didáctico específico naquelas áreas nas que se trate a nosa realidade.
- Empregando os medios audiovisuais ao noso alcance para difundir a nosa cultura.
- Fomentando o uso das novas tecnoloxías para desenvolver temas que dean a coñecer o noso mundo galego.

## 6. Currículo Integrado das Linguas

O Tratamento Integrado das Linguas (TIL) no currículo está recollido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, no que se menciona no Artigo 11 (apartado 10) dedicado aos principios metodolóxicos na ESO: *“Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas das súas ofertas educativas [...] No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de cada lingua”*.

### 6.1 Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.

A metodoloxía que rexerá no ensino das linguas necesariamente deberá partir dun acordo sobre os criterios metodolóxicos á hora de impartir estas materias, dado que o ensino das linguas precisa que sexan enfocadas como un todo unitario, polo que é necesario conxugar os distintos niveis e aspectos que esta presenta: ortografía, léxico, comprensión oral e escrita.

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela, mediante un enfoque baseado na aprendizaxe do coñecemento e tendo presente a necesidade de traballar textos, sobre todo escritos, así como de fomentar o espírito cooperativo e crítico. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Terase en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é



aconsellable darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto; concretado todo a través das seguintes estratexias metodolóxicas:

- Realizar actividades encamiñadas a coñecer as ideas previas que o alumnado ten en torno aos contidos a traballar.
- Propor una exposición didáctica do/a profesor/a, que leve a presentar os obxectivos e os contidos dunha forma atractiva a fin de motivar o alumnado.
- Promover a comprensión lectora e o hábito lector. A este fin, incluímos na programación lecturas obrigatorias sobre as que se realizarán distintas actividades: debates na aula, guías de lectura, controis de lectura etc. Tamén se proporán lecturas recomendadas de carácter voluntario, avaliándoas positivamente. Desenvolver, por parte do/a profesor/a, unha exposición dos conceptos máis complexos e novos de xeito ameno pero con rigor, botando man, de ser aconsellable, das TIC, coa finalidade de promover o uso das mesmas.
- Traballar sobre textos modelo (orais ou escritos) de tipo descritivo, narrativo, expositivo, argumentativo etc. dependendo do curso; realizando exercicios, actividades e tarefas, a fin de desenvolver as competencias clave canto á expresión oral e escrita.
- Fomentar o traballo práctico individual: o alumnado creará textos do mesmo tipo ca o modelo traballado (planificar, xerar ideas, ordenalas, redactar, autocorrixir, reelaborar).
- Fomentar o traballo práctico cooperativo, por exemplo nas exposicións orais: investigación, selección de información e exposición oral do tema na aula, apoiándose nas TIC, e procurando fomentar a aprendizaxe activa e o traballo cooperativo.
- Levar a cabo unha corrección e reelaboración dos textos, polo/a profesor/a.
- Facer unha reflexión crítica sobre as ideas, de textos de temática variada, resumos, estrutura e esquemas das ideas do texto, e posteriores debates.
- Achegar o estudo da literatura tendo como elemento central de referencia non só o coñecemento teórico senón que tamén o texto literario (lectura, comprensión, audicións de poemas musicados películas sobre obras...). Traballar o comentario literario, desde a introdución progresiva nos primeiros cursos da ESO ata chegar a unha maior complexidade en 4º de ESO.
- Introducir de xeito progresivo a autoavaliación e a coavaliación a través de fichas, en tarefas concretas.

En resumo, as anteriores estratexias metodolóxicas enmárcanse no proxecto de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

## 6.2 Acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar

De cara á impartición do currículo integrado das linguas e seguindo cos acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, os



xefes de departamentos afectados realizarán reunións a principio de curso co obxectivo de unificar a terminoloxía que se vai empregar nas súas respectivas materias no referido a aqueles aspectos que lle poden presentar maiores problemas ao alumnado como pode ser a sintaxe, a semántica, a morfoloxía ou á teoría textual.

Estes acordos sobre terminoloxía veranse reflexados xa nas respectivas programacións didácticas dos departamentos afectados e trasladaranse ao desenrolo curricular nas súas clases co obxectivo de que o alumnado perciba unha coordinación que favoreza a comprensión dos contidos e das explicacións que recibe.

Prestarase especial atención á terminoloxía da sintaxe e da morfoloxía que se imparte de forma común nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega e no respectivo aos diferentes períodos ou correntes literarias que se estudiarán, sempre co obxectivo claro de favorecer a aprendizaxe do noso alumnado.

### **6.3 Tratamento do contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe.**

Un traballo coordinado da ensinanza de linguas e dos seus contidos presenta múltiples vantaxes para o alumnado para que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, pero isto non debe circunscribirse ás áreas lingüísticas, que teñen entre as súas metas o traballo cos textos académicos das áreas non-lingüísticas. As áreas non-lingüísticas son, á súa vez, poderosas ferramentas para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ampliando o acceso a distintos ámbitos e dominios do coñecemento.

Como xa se dixo anteriormente, o ensino das linguas xirará entorno ao traballo con textos como elemento fundamental, tanto na súa produción como na súa comprensión, o cal fai que en varias materias lingüísticas se solapen contidos e estándares de aprendizaxe, polo que é necesaria unha coordinación efectiva entre os diferentes departamentos afectados. Para lograr este obxectivo, a principio de curso realizaranse varias reunións entre os xefes dos departamentos das materias lingüísticas con fin de facer un reparto deses contidos (sintaxe, morfoloxía, semántica, teoría literaria) que se traballan en todas elas co fin de non duplicalos e permitir así gozar de máis tempo para traballar e profundizar naqueles que lles correspondan, así como ter máis tempo para aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe. Da mesma forma, en cada materia centrarán a atención en diferentes tipos de textos e no seu tratamento (comprensión ou produción). A parte desta reunión inicial, que ten como obxecto este reparto de contidos, ao longo do curso e polo menos unha vez ao trimestre, realizaranse reunións de seguimento da impartición destes contidos a nivel de xefes de departamentos e, posteriormente, entre os profesores das materias de linguas que imparten aos mesmos cursos, con obxecto de acadar un maior nivel de concreción e integración dos currículos.

En canto aos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, forzosamente deben coincidir e ter moitos elementos en común, dado que se seguirá



unha metodoloxía parecida e centrada na produción e comprensión de textos de todo tipo, con especial atención aos textos literarios. Por iso, a elaboración das respectivas programacións dos departamentos tamén se coordinará entre as xefaturas de departamento a ese nivel e tanto os criterios de avaliación coma os estándares de aprendizaxe terán como obxectivo acadar unha adecuada competencia lingüística que procurará seguir utilizando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Así fomentaremos a expresión dos seus pensamentos, o diálogo, a argumentación de diferentes temas, a coherencia e cohesión nas súas manifestacións –tanto a nivel oral como escrito– a necesidade de escoitar e ser escoitado, o respecto polas quendas...